



625

1259 = 14.03.2021  
 1680 = 1606.2021

galicia

**REGISTRO DE LA PROPIEDAD**  
 LALÍN (Pontevedra)

Presentado a las 9.45 horas del día 14  
 de Mayo de 2021 con el número  
127 Folio 73 del Diario

O Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias  
 ( Xefe territorial)

**VOGAIS**

Amalia Elsa Pazos Pintos  
 (Xefa do Servizo de montes)

X. Carlos Morgade Martínez  
 ( Representante das CMVMC da provincia)

Víctor Abelleira Argibay  
 (Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez  
 (Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS  
 VECIÑOS DE ASPERELO  
 (RODEIRO)**

Luis Cambeiro Fernández  
 Manuel Cambeiro García

**SECRETARIA**

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 20/12/2017 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, réunese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**Fenteira ou Chivadeiro**”, solicitado a favor dos veciños do lugar de Asperelo, da parroquia de San Martiño de Asperelo (Rodeiro)

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO** - Con data 29 de outubro de 2014 tivo entrada no rexistro de Pontevedra escrito presentado por Sonia Porto Lamela, enxeñeira de montes, no que solicita a clasificación do monte denominado “ Fenteira ou Chivadeiro “ da parroquia de San Martiño de Asperelo (Rodeiro) como veciñais en man común a favor dos veciños do lugar de Asperelo, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación e superficie.

En data do 26/03/2015 Manuel Cambeiro García, en representación dos veciños de Asperelo achega diversa documentación complementaria á solicitude inicial: certificación catastral, cos datos da propiedade e de tódolos estremeiros, certificado do Concello de Rodeiro e diversas declaracións xuradas dos veciños nas que acreditan o uso e aproveitamento da parcela.

**SEGUNDO.-** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, en sesión de 30 de xuño de 2015, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte.

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servizo de Montes que é remitido ó Xurado con data do 01/02/2016 no que se indica en relación coa situación e estado da parcela o seguinte “ *A sección de Topografía de este Servizo de Montes emite informe con data 11 de novembro de 2014, no cal indica que a planimetría aportada permite identificar correctamente o terro solicitado e que non pertence a ningunha outra das CMVMC presentes nesa parroquia . O monte obxecto de esta clasificación ocupa 4, 55 ha dentro da parcela con referencia catastral 36047A120011380000LB ( polígono 120, parcela 1138) cunha superficie total de 36, 4391 ha segundo o SIXPAC. Recentemente houbo unha modificación en Catastro que non foi traslado ao SIXPAC. Esta modificación consiste na inclusión dunha nova parcela con referencia catastral 36047A120011530000LO ( polígono 120, parcela 1153) dentro da superficie solicitada polos veciños de Asperelo. Polo tanto,, a nova distribución catastral queda da seguinte maneira:*

- 36047A120011380000LB ( polígono 120, parcela 1138) 34, 5314 ha

-6047A120011530000LO (polígono 120, parcela 1153) 1, 8760 ha.

*Feitas as averiguacións oportunas a parcela 1153 foi incluída no Rexistro da Propiedade e posteriormente en catastro a nome de M<sup>a</sup> Ángeles Baldonado Rodríguez (...) Actualmente está dedicada a pastizal e con peche de arme e postes de formigón (...) o peche perimetral ocupa unha superficie maior a da parcela 1153. O resto da superficie a clasificar está composta por matogueiras de toxo, uces, xestas e pes illados de piñeiro, carballo e bidueiro. Pequenas zonas son aproveitados toxos para o gando. Segundo manifestan os veciños de Asperelo a parcela obxecto da solicitude ten carácter comunal (...)*



**CUARTO.-** Á vista da documentación presentada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

**Concello: Rodeiro**

**Parroquia: San Martiño de Asperelo**

**Nome do monte: Fenteira ou Chivadeiro**

**Superficie : 4,55 Has.**

**- Norte**

A parcela de referencia na súa parte máis ao Norte linda coas parcelas 243, 244, 1092, 1093, 1094, 1095, 1096, 1097, 1098, 1099, 1100, 1101, 1103, 1105, 1106, 1107, 1108, 1109 e 1110 do polígono 120

- Parcela 243 do polígono 120

Propiedade de José Diéguez Lemos, conta cunha superficie do solo de 3,723 m2, inmovible denominado "Subeiro".

- Parcela 244 do polígono 120

Propiedade de Isaura Rodríguez Patao, conta cunha superficie do solo de 2.065 m2, inmovible denominado "Subeiro".

- Parcela 1092 do polígono 120

Propiedade de Serafin Rodríguez Patao, conta cunha superficie do solo de 1.858 m2, inmovible denominado "Subeiro".

- Parcela 1093 del polígono 120

Propiedade de José González Viana, conta cunha superficie de solo de 4.010 m2, inmovible denominado "Subeiro".

Parcela 1094 do polígono 120

Propiedade de Jaime Montes González, conta con una superficie de solo de 4.460 m2, inmovible denominado "Subeiro".

- Parcela 1095 do polígono 120

Propiedade de Jesús Poutón Pereira, conta cunha superficie do solo de 3.738 m<sup>2</sup>,  
inmoble denominado “Subeiro”.

- Parcela 1096 do polígono 120

Propiedade de Vicenta González Rodríguez, conta cunha superficie do solo de 911  
m<sup>2</sup>, inmoble denominado “Subeiro”.

- Parcela 1097 del polígono 120

Propiedade de Jaime Montes González, conta cunha superficie do solo de 1.145 m<sup>2</sup>, inmoble  
denominado “Subeiro”.

- Parcela 1098 del polígono 120

Propiedade de Elena López Paz, conta cunha superficie do solo de 1.974 m<sup>2</sup>, inmoble  
denominado “Subeiro”.

- Parcela 1099 do polígono 120

Propiedade de Serafin Rodríguez Patao conta cunha superficie do solo de 2.042 m<sup>2</sup>, inmoble  
denominado “Subeiro”.

- Parcela 1100 do polígono 120

Propiedade de Elena Meijomil Fernández, conta cunha superficie do solo de 1.688 m<sup>2</sup>,  
inmoble denominado “Subeiro”.

- Parcela 1101 del polígono 120

Propiedade de Elena Meijomil Fernández, conta cunha superficie do solo de 5.026 m<sup>2</sup>,  
inmoble denominado “Subeiro”

- Parcela 1103 do polígono 120

Propiedade de Jesús Poutón Pereira conta cunha superficie do solo de 6.253 m<sup>2</sup> inmoble  
denominado “Subeiro”.

- Parcela 1105 do polígono 120

Propiedade de Carmen Cambeiro MeijomiL conta cunha superficie do solo de 1.894 m<sup>2</sup>,  
inmoble denominado “Subeiro”.



- Parcela 1106 del polígono 120

Propiedade de Josefa Lois Daparte, conta cunha superficie do solo de 1.434 m<sup>2</sup> inmobile denominado "Subeiro".

- Parcela 1107 del polígono 120

Propiedade de Carmen Lois Garcia, conta cunha superficie do solo de 815 m<sup>2</sup> inmobile denominado "Subeiro".

- Parcela 1108 del polígono 120

Propiedade de Carmen Cambeiro Meijomil, conta cunha superficie do solo de 2.161 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Subeiro".

- Parcela 1109 do polígono 120

Propiedade de Jesús Poutón Pereira, conta cunha superficie do solo de 2.892 m<sup>2</sup> inmobile denominado "Subeiro".

Parcela 1110 do polígono 120

Propiedade de Amador Albor Blanco, conta cunha superficie de solo de 6.554 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Pena C.".

**-Sur**

A parcela de referencia na súa parte máis ao Sur linda coas parcelas 668, 689, 1138, 696, 697, 698, 699, 700, 701 y 704 del polígono 120

- Parcela 668 do polígono 120

Propiedade de Silvino Fernández Benandez, conta cunha superficie do solo de 37.611 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Pena Sarnosa".

- Parcela 689 do polígono 120

Propiedade de Silvino Fernández Bernárdez conta cunha superficie do solo do 1.516 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Pena Sarnosa".

- Parcela 1138 del polígono 120

Propiedade do Comunal de Asperelo conta cunha superficie do solo de 364.416 m<sup>2</sup>.

- Parcela 696 do polígono 120

Propiedade de David Guerra Panadeiras. conta cunha superficie do solo de 11.501 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Porto C."

- Parcela 697 do polígono 120

Propiedade de Soledad Guerra Panadeiros, cota cunha superficie de solo de 2.683 m<sup>2</sup> inmobile denominado "Porto C."

- Parcela 698 do polígono 120

Propiedade de Amadeo Guerra Panadeiras. conta cunha superficie do solo de 2.943 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Porto C."

- Parcela 699 do polígono 120

Propiedade de María Josefa Blanco Lois. conta cunha superficie do solo de 3.644 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Porto C."

- Parcela 700 do polígono 120

Propiedade de José Panadeiros Blanco. conta con una superficie del solo de 4.892 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Fontela".

-Parcela 701 do polígono 120

Propiedade de José Panadeiros Blanco, conta cunha superficie do solo de 5.373 m<sup>2</sup>, inmobile denominado "Fontela".

- Parcela 704 do polígono 120

Propiedade de José Rodríguez Jorge, conta cunha superficie do solo de 7.163 m<sup>2</sup> inmobile denominado "Fontela".

**-Leste**

A parcela de referencia na súa parte máis ao leste linda coas parcelas 1138, 716, 715, 714, 713, 712, 711 e 717 do del polígono 120

- Parcela 1138 do polígono 120

Propiedade do Comunal de Asperelo conta cunha superficie do solo de 364.416 m<sup>2</sup>.  
D Parcela 716 do polígono 120



Propiedade de Carmen Cambeiro Meijomil, conta cunha superficie do solo de 3.596 m2. inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 715 del polígono 120

Propiedade de Angel Cambeiro Bernardez, conta cunha superficie do solo de 3.716 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 714 del polígono 120

Propiedade de Manuel Panadeiros Romay, conta cunha superficie do solo de 3.543 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 713 do polígono 120

Propiedade de Carmen Panadeiros Romay. conta cunha superficie do solo de 2.151 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 712 do polígono 120

Propiedade de José Panadeiros Romay, conta cunha superficie do solo de 2.132 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 711 do polígono 120

Propiedade de Herdeiros de Andrea Albor Bernárdez. conta cunha superficie de solo de 7.796 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Parcela 717 do polígono 120

Propiedade de José Rodríguez Jorge conta cunha superficie do solo de 3.849 m2, inmovible denominado "Alargos".

- Oeste

A parcela de referencia na soa parte máis ao Oeste linda coas parcelas 1087, 1088, 1089, 1090, 1091 e 1138 do polígono 120

- Parcela 1087 do polígono 120

Propiedade de José Fernández Jorge, conta cunha superficie do solo de 5.346 m<sup>2</sup> inmobile denominado “Chousas”.

- Parcela 1088 do polígono 120

Propiedade de Avelino Failde Rodríguez conta cunha superficie de solo de 1.966 m<sup>2</sup>, inmobile denominado “Chousas”.

- Parcela 1089 do polígono 120

Propiedade de Avelino Failde Rodríguez. conta cunha superficie de solo de 1.783 m<sup>2</sup>, inmobile denominado “Chousas”.

- Parcela 1090 do polígono 120

Propiedade de José Fernández Jorge, conta cunha superficie de solo de 4.666 m<sup>2</sup> inmobile denominado “Chousas”.

- Parcela 1091 do polígono 120

Propiedade de Carmen Rodríguez Pedrouzo. conta cunha superficie de solo de 8.756 m<sup>2</sup>, inmobile denominado “Chousas”.

- Parcela 1138 do polígono 120

Propiedade do Comunal de Asperelo conta cunha superficie do solo de 364.416 m<sup>2</sup>.

**QUINTO-** O Rexistrador da Propiedade de Lalín certifica con data 19/05/2016, que o monte tal e como se describe, non figura inscrito neste Rexistro da Propiedade polo Concello de Rodeiro.

**SEXTO:** Unha vez feitas de xeito legal as comunicacións previstas no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, a tódolos interesados e rematado o prazo de exposición no taboleiro de Edictos do Concello de Rodeiro presenta alegacións en contra da clasificación do monte “Fenteira ou Chivadeiro” María Ángeles Baldonado Rodríguez alegando, en síntese, que :



*A superficie solicitada polos veciños para a clasificación como monte veciñal (...) son da miña propiedade*

*A parcela con referencia catastral 36047A120011530000LO*

*1º Trátase dunha parcela pechada nos seus catro ventos mediante postes de formigón e arame, esta parcela consta o meu nome mediante escritura notarial e inscrita no rexistro da propiedade.*

*2º Que a finca en cuestión ten concedido un cambio de actividade de forestal a agrícola (adxunto) e a teño sementada de herba e cereal, utilizando a mesma para ao pastoreo das ovellas*

*3º A finca tamén dispón dun manancial de auga que nace na propia finca e que utilizo como abrevadeiro para os animais, tendo o mesmo rexistrado ante o Organismo Autónomo de Aguas de Galicia con clave DH.B3647248*

*A parcela con referencia catastral 36047A120011380000LB*

*1º Esta parcela tamén é da miña propiedade con escritura notarial que se adxunta, na actualidade estou a desbrozar para posteriormente plantar castiñeiros, mediante as axudas publicadas na " Orde do 22 de xuño de 2016 (...) Adxunto autorizacións dos trámites que estou a seguir)"*

*2º Tamén dicir que estou a regularizar administrativamente a situación da parcela xa que catastralmente non figuraba a forma, superficie nin titular da mesma ( adxunto presentación documentos na xerencia do Catastro)*

*As dúas parcelas forman parte de herdanzas familiares de igual medida, e que na actualidade o aproveitamento que fago das dúas parcelas é para autoabastecemento nas labores do campo.*

Igualmente, presenta escrito Manuel Cambeiro García no que insta ao Xurado a clasificación do monte a favor dos veciños de Asperelo por entender que a documentación que presenta avala de xeito suficiente que a parcela 1138 do polígono 120 ( 4, 55 has) é monte veciñal propiedade dos veciños do lugar de San Martiño de Asperelo; os promotores durante a tramitación do expediente de clasificación achegan a seguinte documentación :

1º O informe pericial técnico, no que se describe a parcela cunha superficie de 4, 55 has, conformando na súa totalidade una única parcela sen división ou delimitación interna e que respecto da inclusión da nova parcela dentro da superficie solicitada( parcela 1153 do polígono 120 de 1, 8760 has) sinala que dita alteración catastral produciuse con posterioridade a inscrición no Rexistro ( outubro 2015) con posterioridade ao acordo de incoación polo xurado deste expediente de clasificación polo que incumpre o disposto no artigo 24 do Decreto 260/1992 que dispón : “ *A iniciación do expediente de clasificación producirá os seguintes efectos a) Ningún terreo afectado por este poderá se obxecto de alleamento, división ou gravame , ata que o xurado dite a resolución oportuna*”

2º A documentación histórica: o informe pericial elaborado polo Historiador Gregorio Casado que logo do exame e estudio de diversa documentación ( catastro do Marqués da Ensenada, certificado do Secretario do Concello de Rodeiro, ficha do comunal de Asperelo, expediente de partilla dos primeiros pretucios no ano 1911, expediente do ano 1923 da partilla de Manuel Fernández Lemos, escrituras privadas de compravenda dos anos 1918, 1971, e 1991 e copia simple dos Amillamentos ) conclúe que : “ *dado que as escrituras examinadas, os rexistros da administración (catastro de 1957), o certificado estendido polo secretario do Concello de Rodeiro conteñen datos inequívocos que levan a ter por comunal o anaco de parcela examinado, non cabe dubida de que ese anaco de parcela 1138 que nos ocupas é sen lugar a dubidas monte veciñal dos veciños do lugar de Asperelo ( coñecido tamén polo lugar de San Martiño polos veciños ) y que como tal debería ser clasificado, ao igual , en realidade, que toda a parcela nº 1138 (...)* “

3º Declaracións xuradas dos veciños propietarios das parcelas estremeiras co monte Fenteira ou Chivadeiro, incluídos os colindantes coa nova parcela catastral, nas que manifestan: que coñecen os lindes de dito monte; que coñecen a titularidade da parcela catastral que linda co mesmo; que o monte sempre foi aproveitado polos veciños do lugar de San Martiño de Asperelo para o pastoreo e recollida de material para abono; e que son coñecedores que dende setembro-outubro de 2015 María Ángeles Baldonado está facendo unha ocupación de parte do mesmo, realizando un peche dentro do monte veciñal a pesar de pertencer aos veciño do lugar de Asperelo, con posterioridade a propia incoación do expediente de clasificación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**



**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así pois, de acordo coa propia dición literal deste artigo e a abundante xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non acreditado de forma sólida e fidedigna o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestións relativas á titularidade da propiedade e demais dereitos reais que poderán ser revisadas pola xurisdición ordinaria, segundo resulta do artigo 13 da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e da prolixa xurisprudencia que hai ao respecto (así, entre outras, as SSTS de 12/07/99 , 24/04/2000 e 07/02/01). Daquela o tema debatido “non debe remitirse a una confrontación de titulacións e de inscrición, senón ao exame dos distintos elementos obrantes no expediente para chegar a alcanzar unha convicción nun ou noutro sentido respecto á realidade do aproveitamento ” (STSX de Galicia, de 02.11.2000).

**Terceiro.-** Durante a tramitación do expediente os promotores presentan abundante documentación histórica, informe técnico e declaracións xuradas dos veciños que avala o carácter comunal da parcela porén, non achegan ningunha proba sólida que xustifique o uso ou aproveitamento mancomunado do monte no que a superficie da parcela con referencia catastral 6047A120011530000LO se refire (polígono 120, parcela 1153) 1, 8760 ha.

Así pois, se ben nun pasado mais ou menos remoto, a parcela si puido ser veciñal, tan carácter non o ten na actualidade por canto o aproveitamento que se está a facer é unicamente

privativo e non comunal, tal e como pode colixirse das alegacións realizadas e da abundante documentación presentada de adverso (autorización para o cerramento da parcela, solicitude de autorización previa para execución dunha roza de manto dentro da zona ZEC, autorización de desbroce perimetral e colocación de valado ao Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, solicitude cambio de actividade, concesión privativa do manancial de agua por Aguas de Galicia, solicitude de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas...) En definitiva, en vía administrativa o carácter de comunal do monte desaparece daquelas superficies que foron ou están sendo destinadas a un uso exclusivamente privado ou particular.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, o aproveitamento veciñal nunha parte da parcela, o Xurado de xeito unánime **ACORDA:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte denominado **“FENTEIRA OU CHIVADEIRO”**, a prol dos veciños do lugar de Asperelo, da parroquia de San Martiño de Asperelo (Rodeiro), **excluíndo** da superficie a clasificar a parcela coa referencia catastral **6047A120011530000LO** (polígono 120, parcela 1153) cunha cabida de 1, 8760 ha., de acordo co exposto anteriormente.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





## NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES PARA A SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2017, acordou clasificar como veciñal en man común o monte denominado Fenteira ou Chibadeiro a favor da veciñanza do lugar de Asperelo, parroquia de San Martiño de Asperelo, no Concello de Rodeiro, excluindo, da superficie en clasificación, a parcela coa referencia catastral 6047A120011530000LO do polígono 120, parcela 1153, cunha cabida de 1,8760 ha.

Fronte ao citado acordo de clasificación presentaron recurso de reposición as seguintes partes interesadas:

- Ramón Albor Gómez, no seu propio nome e en representación dos veciños de Ourín, da parroquia de San Martiño de Asperelo (Rodeiro), na que alega en síntese que <presentaron en tempo e forma (data 12.1.2018) alegacións á resolución adoptada e a que as ditas alegacións non figuran nin se mencionan na resolución do expediente publicado no DOG número 38>, e solicitan que se anule a clasificación da parcela por entender que parte do monte pertence aos veciños de Ourín.
- María de los Ángeles Baldonado Rodríguez presenta recurso de reposición opoñéndose á clasificación da parcela ao entender que se trata de dúas parcelas de propiedade privada, das cales se fai un aproveitamento privativo.
- Manuel Cambeiro García, promotor do expediente de clasificación, presenta recurso de reposición manifestando en resumo e ao respecto da parcela 36047A120011530000LO, parcela 1.153 do polígono 120, excluída da clasificación, que se proceda á clasificación da parcela en base á nova documentación acreditativa do aproveitamento.

Na sesión celebrada o 2 de outubro de 2018, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, acorda non estimar os recursos de reposición presentados de contrario e polo promotor, coa ratificación íntegra da resolución de clasificación do 20 de decembro de 2017.

Contra a desestimación do seu recurso de reposición, María de los Ángeles Baldonado Rodríguez interponen recurso contencioso administrativo.

O 28.2.2019 publícase no DOG unha corrección de erros do Anuncio de 16.10.2018 do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra, polo que se publica a resolución do recurso de reposición contra a clasificación do monte Fenteira ou Chibadeiro:

<Advertido erro na citada resolución, publicada no Diario Oficial de Galicia número 206, do 29 de outubro de 2018, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 47.353 no feito primeiro, onde di:

Por medio desta resolución acordouse clasificar a parcela 1.138 do polígono 120 cunha cabida de 34,5314 has, e non clasificar a parcela 1.153 do polígono 120

debe dicir:

Por medio desta resolución acordouse clasificar a parcela 1.138 do polígono 120 cunha cabida de 2,673 ha aproximadamente, e non clasificar a parcela 1.153 do polígono 120, na parroquia de San Martiño de Asperelo (Rodeiro)>.





O 27 de decembro de 2019 o Xulgado Contencioso-Administrativo núm 2 de Pontevedra, dita a sentenza 291/2019, recaída no procedemento ordinario 395/2018 contra o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra e Manuel Cambeiro García.

A Sentenza estima a demanda interposta por María de los Ángeles Baldonado Rodríguez contra a resolución do 16 de outubro de 2018 do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na que dita o seguinte Fallo:

<Que, estimando o recurso contencioso-administrativo presentado pola procuradora María Belén Álvarez Sánchez, en representación de María de los Ángeles Baldonado Rodríguez, contra a resolución do 16 de outubro de 2018 do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, que desestima o recurso de reposición contra a resolución de 20 de decembro de 2017, que acordou clasificar como monte en man común o monte denominado Fenteira ou Chibadeiro a favor dos veciños do lugar de Asperelo, da parroquia de San Martín de Asperelo (Rodeiro), excluindo da superficie a clasificar a parcela con referencia catastral 6047A120011530000LO (polígono 120, parcela 1153, coa cabida de 1,8760 ha), debo anular a referida resolución en canto á parcela que foi incluída como monte en man común e que a demandante sinala como da súa titularidade>.

A Sentenza deveu firme mediante dilixencia de ordenación do Letrado da Administración de Xustiza do 29 de xaneiro de 2020.

Que na reunión celebrada o 27 de febreiro de 2020 a Secretaria do Xurado Provincial de CMVMC, da conta da sentenza no punto 6º da orde do día

Que na reunión do 26 de abril de 2021 o Xurado acorda dar cumprimento as declaracións contidas no fallo no senso de excluír da clasificación fixada na resolución do 20 de febreiro de 2017, a parcela catastral número 1.156 do polígono 120 cunha cabida de 1,876 ha, á que se refire sen xénero de dúbidas a resolución xudicial cuxa execución se insta, conservando a validez da resolución na restante superficie da parcela que non foi impugnada (uns 8.321 m<sup>2</sup> aproximadamente) polo que para dar cumprimento á execución da sentenza procédese á modificación da planimetría que conforma a resolución de clasificación nos termos indicados

Asinado por: CRESPO IGLESÍAS, ANTONIO  
Cargo: Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de MVMC  
Data e hora: 28/06/2021 12:59:35

O Presidente do Xurado Provincial

de Clasificación de MVMC


Antonio Crespo Iglesias

sinatura electrónica

REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.- Xefatura Territorial do Medio Rural.-  
Pontevedra

CVE: 7ZHLFYaB2  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





Vermello "Fenteira ou Chivadeiro"

- 1.- 144 m<sup>2</sup>
- 2.- 250 m<sup>2</sup>
- 3.- 7.927 m<sup>2</sup>

Total = 8.321 m<sup>2</sup>

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO DE MONITORS DO DEPARTAMENTO T. PONTAVEDRA

Execución da sentenza PO 395-2018

"Fenteira ou Chivadeiro". CMVMC de Asperleira, Rodeiro.  
Pontevedra A3 1:1500 (e17-89) Abril 2020